

1.3. ANÁLISE DAFO DE GALICIA

A análise DAFO contribúe a establecer os obxectivos e desenvolver as estratexias de actuación para o crecemento da rexión, contrarrestando as ameazas, reforzando as debilidades, aproveitando as oportunidades e impulsando as fortalezas.

As debilidades poden ser capacidades e recursos internamente desaproveitadas que convén evitar ou reforzar. As ameazas, que representan as forzas de carácter adverso recibidas do contorno, deben ser previstas e minimizados os impactos negativos. As fortalezas, entendidas como capacidades, recursos e posicionamentos de signo positivo, deben ser potenciadas e, finalmente, as oportunidades ofrecidas polo contorno, aproveitadas da maneira máis profunda posible.

Tal e como se destacou no diagnóstico, existen unha serie de debilidades que están dificultando a capacidade de converxencia económica de **Galicia**, a pesar de que existen importantes vantaxes competitivas que fan que a rexión presente claras oportunidades de futuro.

As implicacións económicas e sociais dun territorio dual, con significativas diferenzas **sociodemográficas**, son moi importantes, xa que existen necesidades de **investimento** en accesibilidade e transporte, uso eficiente dos recursos ambientais e a inclusión económica das áreas menos favorecidas.

A pesar de ser unha rexión cunha elevada capacidade emprendedora e de proxección internacional, o esforzo investidor en potenciar a súa competitividade mediante o uso das tecnoloxías e a innovación resulta insuficiente. Este feito constitúe no longo prazo un risco moi elevado para o desenvolvemento económico, dadas as ameazas que penden sobre a rexión.

A proxección internacional de **Galicia**, a súa posición estratéxica para o transporte multimodal e a riqueza de recursos constitúen importantes pancas de crecemento para o aproveitamento das oportunidades actuais.

1.3.1 Debilidades

ANÁLISE DAFO DA ECONOMÍA GALEGA [DEBILIDADES]

- D.1** Escaso dinamismo poboacional.
- Elevado envellecemento da poboación que, xunto cunha taxa de natalidade das máis reducidas de Europa, pon en cuestión o relevo xeracional e a viabilidade do sistema asistencial.
 - Elevada porcentaxe de poboación dependente.
 - Forte demanda de infraestruturas sociais.
- D.2** Distribución territorial da poboación polarizada, con importantes áreas ao bordo dun proceso de desertización, fronte a outras suxeitas a unha elevada presión sobre o hábitat.
- D.3** Desequilibrio territorial, con clara dualidade entre a Galicia da franxa atlántica –dinámica, máis avanzada e urbana– e a Galicia rural –con forte predominio do sector primario, poboación envellecida e negativa dinámica demográfica–.
- D.4** Baixa taxa de actividade da poboación, que se agudiza coa situación económica negativa, afectando o mercado de traballo, caracterizado por unha taxa de actividade menor ca media nacional, sobre todo no tocante ao emprego feminino.
- D.5** Sector produtivo:
- Déficit industrial.
 - Baixa produtividade e PIB *per capita*.
 - Pouco atractivo para o investimento do sector exterior, que se reflicte no saldo negativo da IED.
 - Base empresarial composta por pemes, con base tecnolóxica madura, o que lle confire un escaso posicionamento estratéxico
 - A conformación das empresas galegas, ao igual que noutros eidos, que dificulta a colaboración e a *clusterización*, especialmente en actividades cunha ampla experiencia no noso país.
 - Infrautilización e falta de aposta pola sociedade da información e as TIC.
 - Escaso interese das empresas polo investimento en I+D+i, polo que a I+D+i que se xera en Galicia procede, practicamente na súa totalidade, de accións directas ou indirectas do sector público.
 - Déficit de solo industrial ben dotado e estratéxicamente comunicado, máis acusado nas áreas con maior desenvolvemento.
 - Falta de colaboración e de aproveitamento das externalidades positivas que xeran a universidade e a empresa de Galicia.

D.6 Sistema educativo:

- Elevado fracaso escolar.
- Falta de adecuación da formación ás demandas das empresas nunha economía globalizada.
- Débil capacidade de absorción polo mercado de traballo da man de obra cualificada.

D.7 Preocupante balance ambiental, cun atraso máis que considerable na implantación da Axenda 21 e rápida degradación do contorno natural.

D.8 Infraestruturas e transporte:

- Dispersión da poboación, que eleva os custos de infraestrutura, de prestación de servizos, así como os custos loxísticos empresariais.
- Galicia conta cunha orografía complicado que eleva de xeito considerable os custos das infraestruturas de transporte.
- Dificultade de acceso ao transporte público nalgúns núcleos de poboación, xeralmente pouco poboados, e deficiencias e ineficacia no funcionamento do transporte interurbano.
- Falta de articulación dunha rede de transporte metropolitano, que teña en conta as necesidades reais da poboación, máis alá dos límites administrativos existentes.
- Atraso considerable na rede ferroviaria e na construción do tren de alta velocidade.
- Tres aeroportos de reducidas dimensións, con escasa especialización e complementariedade.

Fonte: Consellería de Facenda. Elaboración propia

1.3.2 Ameazas

ANÁLISE DAFO DA ECONOMÍA GALEGA [AMEAZAS]

- A.1** Afondamento da polarización territorial descrita, cun aumento da presión na franxa atlántica.
- Envellecemento da poboación, que exerce presión sobre o sistema de pensións, servizos sociais e sanitarios.
- A.2** Un horizonte con limitacións de converxencia derivada do escaso dinamismo da poboación activa.
- Insuficiente aproveitamento das empresas galegas do potencial existente nas tres universidades galegas e nos centros tecnolóxicos.
 - Falta de espírito emprendedor e importantes atrancos burocrático-administrativos para aqueles que o teñen.
- A.3** A ampliación da UE e a globalización económica poden producir a deslocalización e o desvío de investimentos cara aos novos estados membros, con persoal moi cualificado e reducidos custos.
- A.4** Existencia dunha ampla "fenda dixital" coas rexións máis avanzadas de Europa.
- Dificultade para acadar a competitividade a medio/longo prazo, a causa do escaso esforzo inversor en I+D+i, especialmente no sector privado da economía.
 - Irrupción no mercado mundial de países emerxentes, con grande asimilación das novas tecnoloxías do coñecemento.
- A.5** Contexto económico de crise xeneralizada, cunha expectativa de recuperación a longo prazo:
- Debilitamento da estabilidade macroeconómica: aumento do déficit e da débeda pública.
 - Falta de liquidez nos mercados financeiros.
 - Horizonte post-2013, de posible redución das axudas estruturais para a converxencia europea.
- A.6** Ausencia dun balance positivo na protección do medio:
- Insuficiencia dos sistemas de tratamento e saneamento de residuos.
- A.7** Sistema de transporte pouco articulado e con atrasos importantes na súa execución, como, por exemplo, a chegada do tren de alta velocidade ou a integración loxística dos portos.

Fonte: Consellería de Facenda. Elaboración propia

11.4.3 Fortalezas

ANÁLISE DAFO DA ECONOMÍA GALEGA [FORTALEZAS]

- F.1** Importancia estratéxica da rexión transfronteiriza Galicia-Norte de Portugal.
- F.2** Infraestruturas e transporte:
- Localización marítima estratéxica en relación co tráfico marítimo e as autoestradas do mar.
 - Sistema portuario e aeroportuario accesibles para a poboación, que ben deseñado podería proporcionar unha oferta de comunicacións óptima.
- F.3** Presión humana relativamente contida na costa, xunto cun incremento da conciencia ambiental:
- Aposta futura por enerxías renovables, fundamentalmente hidráulica, biomasa e eólica.
- F.4** Galicia, input produtivo básico para o sector turístico:
- Abundancia de espazos naturais, cunha ampla biodiversidade.
 - Riqueza e diversidade paisaxística.
 - Expansión de Galicia turística con marcas tales coma o Camiño de Santiago, as praias, as rías, o termalismo etc.
- F.5** Avance importante da formación do capital humano de Galicia, o que ten os seus efectos inmediatos sobre o avance da produtividade.
- F.6** O sector empresarial:
- Existencia de produtos diferenciados, cun alto potencial exportador.
 - Sectores industriais ligados aos recursos endóxenos e cun alto potencial de desenvolvemento: téxtil, madeira, pedra, automóbil, pesca, construción naval etc.
 - Presenza de empresas multinacionais importantes, líderes no seu sector, tecnoloxicamente evolucionadas, e cunha forte vocación exportadora.
 - Apoio institucional á clusterización, que avanza en sectores coma o do automóbil, a madeira, o granito e pedras ornamentais etc.

Fonte: Consellería de Facenda. Elaboración propia

1.4.4 Oportunidades

ANÁLISE DAFO DA ECONOMÍA GALEGA [OPORTUNIDADES]

- O.1 Ampla dispoñibilidade de TIC ao servizo da xestión e da dispersión da poboación e do territorio da rexión.
- O.2 Demanda global de espazos naturais e servizos asociados, cun amplo potencial na comunidade autónoma.
- O.3 Elevado potencial para a produción de fontes de enerxía renovables.
- O.4 As características de Galicia favorecen o seu desenvolvemento turístico.
- O.5 Demanda global de produtos e servizos nos que a comunidade autónoma está especializada: estaleiros, pesca, acuicultura, madeira, pedra, agroalimentario, téxtil etc.
- O.6 Integración nos grandes proxectos europeos da rede transeuropea de transporte.
- O.7 Situación privilexiada para converterse nun centro portuario da UE.
- O.8 Aparición de novas oportunidades de negocio coa ampliación da UE, complementada por unha rede de segundas xeracións de galegos emprendedores no exterior.
- O.9 Creación de redes de cooperación empresarial en sectores estratéxicos.
- O.10 Desenvolvemento de sectores relacionados coa atención a persoas en situación de dependencia.
- O.11 Dinamismo da Eurorrexión, que opera como referente das políticas de cooperación territorial europea.

Fonte: Consellería de Facenda. Elaboración propia